



PROXECTO LINGÜÍSTICO

Data de aprobación polo Claustro: 29/06/23

Data de aprobación polo Consello Escolar: 30/06/23

CEIP MOSZEIRO-BEMBRIVE
CURSO 2022/23

ÍNDICE

XUSTIFICACIÓN	3
1.-ANÁLISE DOS USOS LINGÜÍSTICOS DO CENTRO	4
1.1.- Contorna sociolingüística do centro.....	4
1.2.- Situación docente	5
1.3.- Situación do alumnado.....	5
1.4.- Conclusións	5
2.- OBXECTIVOS	6
3.- PLANIFICACIÓN LINGÜÍSTICA	7
3.1.- Actividades xerais.....	8
3.2.- Actividades relacionadas coas celebracións escolares.....	8
3.3.- Actividades de carácter excepcional.....	11
3.4.- Outros proxectos	11
4.- DISTRIBUCIÓN DE HORAS	13
5.- PROGRAMA ESPECÍFICO DE ALUMNADO CON NEAE	16
5.1.- Medidas de apoio e reforzo	16
5.2.- Medidas adoptadas para a mellora da competencia lingüística ..	16
6.- AVALIACIÓN	16
7.- ANEXOS	18

XUSTIFICACIÓN

O presente documento parte do Decreto 79/2010, do 20 de maio, para o plurilingüismo no ensino non universitario de Galicia, no que se especifica que as linguas constitúen o elemento básico de identidade cultural e representan o valor fundamental de cohesión dunha comunidade.

Este decreto baséase no marco lingüístico establecido pola Constitución española de 1978 e polo Estatuto de Autonomía de Galicia de 1981. Ademais, desenvolve a Lei 3/1983, do 15 de xuño, de normalización lingüística, no relativo ao uso do galego no ensino nos niveis non universitarios, e a Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación. Así mesmo, establece a porcentaxe mínima de materias impartidas en lingua castelá que o decreto 124/2007, do 28 de xuño, orientado a obtención dunha competencia axeitada en lingua galega no ensino obrigatorio, non estableceu.

O Equipo de Dinamización Lingüística do CEIP Mosteiro Bembrive de Vigo ao abeiro do recollido no Decreto 79/2010, do 20 de maio de 2010, e tal e como sinala no Artigo 14, elabora o seguinte proxecto. Trátase de facilitarlle ao alumnado unha oferta educativa que o axude a percibir a utilidade da lingua e que o capacite para o seu uso correcto e eficaz, erradicando especialmente o seu emprego sexista en todos os ámbitos e respectando, así mesmo, a situación sociolingüística en que se enmarca este centro.

Ademais, a realidade social europea en que vivimos, nun contexto de globalización e de mobilidade laboral, sitúanos nun espazo internacional de plurilingüismo. Esta nova realidade esixe un marco educativo que atenda esta necesidade social, posibilitando a capacitación efectiva do alumnado nas dúas linguas oficiais e nunha ou varias linguas estranxeiras e seguindo para iso o marco delimitado pola Lei Orgánica 2/2006, de 3 de maio, de Educación.

No noso caso concreto, compre aumentar a presenza do galego na comunidade educativa, facela normal e útil e estender o uso da nosa lingua en tódolos niveis da sociedade. Pretendemos, por tanto, elaborar un programa de actividades de fomento da lingua galega no que participe toda a comunidade educativa, reflectir aspectos sobre horarios e materiais e garantir a adquisición da competencia lingüística propia das etapas nas dúas linguas oficiais de Galicia. Pero, ademais, deixamos a porta aberta para a implantación

doutras linguas que desenvolvan no noso alumnado unha competencia lingüística acorde cos novos tempos.

1.- ANÁLISE DOS USOS LINGÜÍSTICOS DO CENTRO

Para poder acadar unha información actualizada e o máis precisa posible da situación sociolingüística do centro, o Equipo de Dinamización Lingüística realizou unha enquisa que foi enviada a tódalas familias do centro, aos profesores e aos alumnos.

1.1.- Contorna sociolingüística do centro

O CEIP Mosteiro-Bembrive está ubicado no barrio de Bembrive. Pero non só abrangue nenos/as do barrio, tamén asisten alumnos das zonas do Calvario, Cabral e centro de Vigo.

Bembrive era ata os anos 80 un núcleo rural nos que a súa economía dependía primordialmente das actividades agrarias. Actualmente conviven pequenos núcleos rurais con zonas residenciais. O idioma galego de uso xeneralizado entre toda a poboación naquel entón, vai perdendo peso deixando de ser a lingua vehicular. Como mostra dese proceso, conséntase que a práctica maioría dos avós do alumnado son galegofalantes, pero poucas son as nais e pais que usan o galego como lingua habitual e, o pouco alumnado que chega á escola sendo galego falante pasa na meirande parte a usalo idioma castelán.

A interpretación que podemos sacar da enquisa (anexo II) é que as familias do noso alumnado empregan a lingua galega nun 15%.

Manifestan que tamén len en galego un 40% e un 25% que falan as dúas lingua en tódalas súas relacións, notándose un lixeiro incremento no campo profesional, onde acada un 38%.

1.2.- Situación docente

O profesorado fai uso da lingua na súa actividade docente en función do que se recolle no Proxecto Lingüístico do CEIP Mosteiro-Bembrive de Vigo e

segundo a normativa vixente. No que se refire ás relacións interpersonais, conséntase que, na actualidade, o castelán é a lingua predominante.

Da enquisa (anexo III) podemos sinalar que o 100% do profesorado emprega o galego nas reunións cos pais/nais e nas entrevistas persoais.

1.3.- Situación do alumnado

Como quedou exposto anteriormente, a práctica totalidade do alumnado do colexio é castelán falante. Destacar que un pequeno número de alumnos usan o galego como lingua vehicular cos seus pais e avós.

Os resultados da enquisa (anexo IV) indícanos que un 10% do alumnado fala en galego e fala ámbalas dúas linguas un 13%.

1.4.- Conclusións

O uso do idioma galego nas diferentes materias e a potenciación de actividades complementarias referidas á tradición e cultura galega, favorecen os nosos obxectivos, perseguidos sempre dende unha postura de manter a nosa lingua nun ambiente de liberdade e de non obrigación ou imposición.

Nas actuacións administrativas, documentos, actas e comunicados, así como nos rótulos, carteis e na redacción da páxina web do centro, úsase con carácter xeral, a lingua galega. A ANPA Bene-Vivere fai do galego o seu idioma tanto nas comunicacións como nas relacións habituais da súa actividade, entre outras as actividades extraescolares.

Consideramos un reto a conseguir que as relacións entre o profesorado, nas tertulias de entrada e saídas e en xeral na sala de profesores se use a nosa lingua; conscientes de que o profesorado é un referente lingüístico importante e determinante nos hábitos lingüísticos do alumnado.

O papel dos adultos, profesorado, pais e nais, é decisiva na creación dun ambiente normalizador que permita pasar do galego aprendido ó galego vivido. Os adultos en xeral e o profesorado en particular, coa súa práctica,

poden coutalo, facelo invisible ou poden, se o asumen, impulsalo. De aí que o profesorado xogue un papel esencial no proceso normalizador.

Como resumo podemos rematar que é necesario poñer en valor a lingua galega, e para elo pensamos que o noso alumnado debe verse en situacións que así o requiran, tanto a nivel oral como a nivel escrito. Tamén certificamos que a relación de actividades que se contemplan neste plan, desenvolveranse única e exclusivamente en galego.

2.- OBXECTIVOS

OBXECTIVO XERAL

Fomentar o uso do galego na comunidade educativa, para que sexa un referente na vida escolar.

OBXECTIVOS ESPECÍFICOS

- 1.- Consolidar o uso do galego nas intervencións do profesorado no claustro, equipos e demais actuacións docentes.
- 2.- Empregar o galego nas entrevistas e reunións coas familias.
- 3.- Incluír actividades complementarias dirixidas ao mellor coñecemento da cultura e lingua galega.
- 4.- Empregar o galego en todas as celebracións desenvolvidas ao longo do curso.
- 5.- Mercar libros nunha porcentaxe de igualdade en galego e castelán.
- 6.- Motivar ao alumnado a que lean en galego, programando actividades de animación á lectura.
- 7.- Concienciar ao profesorado da necesidade de actualizar os seus coñecementos en canto as ferramentas e recursos do galego na rede.
- 8.- Difundir recursos e material das TICS en galego.
- 9.- Buscar recursos en galego na rede para desenvolver contidos traballados na aula.

10.- Fomentar a cultura galega a través de exposicións etnográficas, escola popular e demais achegas das familias á comunidade educativa.

11.- Promover o coñecemento da contorna inmediata: características do medio rural, historia, arte,...

3.- PLANIFICACIÓN LINGÜÍSTICA

As medidas previstas dende o Equipo de Dinamización Lingüística pasan por potenciar:

- Establecer canles de coordinación e colaboración con todos os órganos Colexiados e Unipersoais do centro, con especial atención o Equipo de Actividades Complementarias e co Equipo de Biblioteca.
- Facer do galego un referente continuo na vida escolar, con especial atención a tódalas celebracións programadas ao longo do curso (Magosto, Nadal, Día da Paz, Entroido e Letras Galegas).
- Participar nas actividades de formación encamiñadas ao mellor coñecemento do idioma e ao manexo de aplicación das TIC con respecto ao uso do galego.
- Aportar propostas de traballo encamiñadas ao fomento do galego en todos os niveis educativos do colexio así como en todas as comunicacións co exterior.
- Continuar colaborando coas entidades veciñais e culturais da zona de referencia do colexio (Entidade Menor, Sociedade Cultural Helios, Banda de Música e o IES Ricardo Mella).
- Presenza do galego en toda actividade e foro no que está representado o colexio.
- Estimular ao alumnado para que empreguen, nas súas respostas, a mesma lingua na que se lles pregunte.

ACTIVIDADES DE DINAMIZACIÓN LINGÜÍSTICA DO GALEGO

Durante os distintos cursos programaremos variadas actividades nas que o uso e fomento do idioma galego sexa unha constante de obrigado cumprimento. Na PXA e, especificamente, na addenda que acompañará este documento, reflectiranse as actividades a desenvolver. Estas actividades podémolas agrupar nas seguintes categorías:

3.1.- Actividades xerais

- Plan lector e actividades de formación de usuarios/as e animación á lectura cos seguintes obxectivos:
 - Promover a lectura, así como os recursos e os servizos da biblioteca escolar.
 - Utilizar axeitadamente unha biblioteca.
 - Potenciar a linguaxe oral e escrita.
 - Fomentar o coidado e o respecto polos libros.
 - Potenciar o coñecemento da nosa cultura.
- Empregar a lingua galega en rótulos, carteis, anuncios, comunicados, páxina web, blogues,...
- Saídas didácticas pola contorna atendendo ao interese paisaxístico, artístico, etnográfico,...
- Ampliación dos fondos da biblioteca, procurando unha literatura en galego atractiva para os nenos/as.

3.2.- Actividades relacionadas coas celebracións escolares

SAMAÍN

As actividades que desenvolveremos pretenden dar a coñecer ao alumnado as tradicións e a nosa cultura dun xeito lúdico e motivador.

O Equipo de Dinamización Lingüística en colaboración co equipo de Actividades Complementarias, de Biblioteca, de Tics, coa profesora de música e coa maioría das familias do alumnado realizaremos as seguintes actividades: exposición de cabazas decoradas polos nenos/as coa axuda das familias,

percorrido polo túnel do terror, proposta de merendas saudables e terroríficas para o recreo e dar a coñecer receitas con ingredientes propios desta época.

MAGOSTO

O equipo de Actividades Complementarias en estreita colaboración co Equipo de Dinamización Lingüística programa actividades que se desenvolverán ao longo dunha semana. Rematará esta celebración cunha festa na que arredor da fogueira, realizaranse diferentes xogos tradicionais galegos: carreiras de sacos, xogo da ra, tira da sogá, carreiras cunha culler e castaña,... e cantarán cantigas propias desta época.

NADAL

Nesta celebración participa toda a comunidade educativa: titores, especialistas, equipos e familias.

Realizamos actividades variadas: decoración da entrada, das portas das aulas, concurso de postais dixitais e festival con actuacións variadas en galego

Con esta celebración queremos dar a coñecer costumes propias da nosa comunidade para esta festa: *O Apalpador*, panxoliñas e instrumentos tradicionais que as acompañaban, ...

DIA DA PAZ

O Día da Paz é unha celebración conxunta de todo o alumnado do colexio. O equipo de Orientación programa unha unidade didáctica para traballar na sesión de tutoría semanal en cada unha das aulas, actividade incluída dentro do Plan de Convivencia do centro e relacionada con esta celebración. Os traballos realizados servirán como decoración e ambientación e o día 30 de xaneiro, reunidos todos/as no patio do colexio, cantaremos e bailaremos a cantiga preparada polo mestre de Ed. Música.

ENTROIDO

Esta festa arraigada na nosa comunidade é desenvolvida durante toda a semana. As actividades son diversas. Entre elas destacan:

- Martes fareleiro. O alumnado de ed. Infantil e primaria recrean esta tradición.
- Ordes do Meco: Cada día da semana publicaranse diferentes ordes que o alumnado e profesorado deben cumprir.

Ademais, o noso centro participa na celebración do desfile de comparsas que organiza a Entidade Menor de Bembrive e o Centro Cultural Helios. O alumnado, profesorado e pais/nais reúnen no patio do colexio o sábado posterior ó Entroido e desfilan polas rúas da parroquia ata chegar a alameda, onde hai exhibición de disfraces e posterior baile e verbena.

A colaboración dos pais/nais baséase non só na súa asistencia ao festival do colexio e desfile senón tamén na elaboración e confección dos traxes.

DÍA DE ROSALÍA

Realizáranse actividades encamiñadas a dar a coñecer as diferentes facetas dunha autora fundamental para a nosa cultura e un referente para todas/os, incluso fóra do noso país.

FESTA DOS MAIOS

Achegaremonos as orixes desta festa. Organizaremos pequenos obradoiros tanto de pais/nais coma de alumnos/as para decorar un Maio. Contaremos coa colaboración da mestra de E. Musical para preparar coplas que cada grupo cantará arredor do Maio.

LETRAS GALEGAS

A participación nesta festividade é a que require maior esforzo por parte do equipo de Dinamización Lingüística e unha maior colaboración co equipo de Biblioteca e Actividades Complementarias.

Os obxectivos propostos son:

- Elaborar producións escolares en idioma galego.

- Fomentar a idea de que un idioma é a riqueza colectiva mais estimable dun pobo.
- Propoñer a compra de libros en lingua galega, facendo unha minuciosa selección, para que sexa un material atractivo e axeitado ao alumnado.
- Motivar ao alumnado a que lea en galego, suxeríndolle títulos e animando a usar a biblioteca do colexio.
- Propoñer a inclusión de espectáculos, teatro e actos culturais en galego no plan de actividades complementarias.

O colexio ambiéntase con traballos e motivos relacionados coas letras galegas e co autor o que se dedican. Colócanse carteis polos corredores, a vista de todo o alumnado do centro e da comunidade educativa en xeral. As actividades son diversas e, ás veces, inclúen actividades conxuntas con centros da nosa zona.

3.3.- Actividades de carácter excepcional

Na addenda do PXA especificaranse cada curso as actividades a realizar.

Tamén cabe subliñar a realización (cada dous anos) dunha exposición de literatura infantil e xuvenil aberta a toda a comunidade educativa, na que se exporán as novidades en galego adquiridas polo Equipo de Biblioteca durante o curso así como os fondos bibliográficos dun autor galego que elixiremos cada curso.

3.4.- Outros proxectos

ENTIDADES EDUCATIVAS E CULTURAIAS.

Terase en conta proxectos que promovan o intercambio cos centros de ensino (garderías e/ou colexios de educación infantil e primaria) ou entidades culturais da zona educativa tales como o Ateneo Musical de Bembrive ou Centro Cultural Helios desta parroquia. Así mesmo, promoverase a participación de concursos propostos por estas ou outras entidades.

FESTA DE EDUCACIÓN INFANTIL

Unha comisión formada por pais/nais do alumnado e coa colaboración do profesorado de Ed. Infantil fai posible a realización mensual da festa de E. Infantil.

O último venres de cada mes celébranse os aniversarios dos nenos nados nese mes. Á merenda engádanse actuacións con cantigas populares teatralizadas, obras de teatro ou teatro de sombras. Esta comisión colabora, tamén, na festa de graduación do alumnado de 5 anos. Con isto, preténdese:

- Involucrar ás familias no desenvolvemento da actividade escolar.
- Ensinar aos alumnos/as hábitos saudables de alimentación e consumo.
- Bos modais na mesa.
- Introducir ao alumnado de E. Infantil no galego dun xeito lúdico.

ELABORACIÓN DE TRÍPTICOS INFORMATIVOS

O Equipo de Biblioteca publicará no blog un boletín informativo de libros suxeridos para o alumnado en cada un dos niveis.

CALENDARIO ESCOLAR

Dende o E.D.L. organízase un calendario con fotos de todo o alumnado co fin de axudar ao financiamento das colonias e cun texto relacionado con aspectos culturais ou do contorno próximo (ditos, lugares emblemáticos da parroquia,...)

VISITA DUN AUTOR/A, ILUSTRADOR/A,... GALEGO/A

Todos os cursos incluiremos no itinerario lector de cada curso un libro dun autor/a galego/a que nos visitará ao longo do terceiro trimestre. Realizaremos pequenos traballos de investigación para coñecer a súa vida e obra.

CONTACONTOS VOLUNTARIO DO ALUMNADO DE 6º DE PRIMARIA

O alumnado de 6º, que se preste voluntariamente elixirá un conto para nenos/as de E. Infantil preparará unha sesión de contacontos. Esta actividade desenvolverase tanto no propio centro coma en outros centros educativos próximos e incluso en centros de maiores.

RADIO ESCOLAR

Colaboración co equipo de Radio Escolar para elaborar programas (publicidade, concursos) para dar a coñecer as actividades que desenrolamos no EDL así coma a nosa cultura e entorno próximo.

4.- DISTRIBUCIÓN DE HORAS

En virtude do decreto no que se desenvolve este proxecto e co fin de garantir a adquisición da competencia lingüística nas dúas linguas oficiais de Galicia, durante a escolarización no CEIP Mosteiro-Bembrive, a distribución de horas/áreas é a seguinte:

Na etapa de **Ed. Infantil**, o profesorado usará na aula a lingua materna predominante entre o alumnado, pero procurando que o alumno adquira, de forma oral e escrita, o coñecemento da outra lingua. Introducirase, ademais, unha lingua estranxeira, inglés, no seu currículo.

A lingua materna establecerase mediante unha pregunta ós pais/nais na entrevista inicial acerca da lingua materna do seu fillo/a. Atenderase de xeito individualizado a cada alumno/a tendo en conta a súa lingua materna, inda que as actividades de carácter máis lúdico como psicomotricidade, biblioteca ou actividades complementarias e actos que o centro organiza, empregarase o galego. Especificase, nun anexo, a entrevista inicial de educación infantil en 3 anos.

Na etapa de **Ed. Primaria** o alumnado adquirirá competencia lingüística propia da etapa e do nivel nas dúas linguas. Asignámoslle o 50% do horario a lingua galega e outro 50% a lingua castelá.

En tódalas áreas, a excepción da lingua e literatura galega, castelá e idioma estranxeiro, o alumnado poderá empregar nas súas manifestacións orais e escritas a lingua oficial da súa preferencia. Procurarase que o alumnado empregue a lingua na que se imparte a materia.

Os materiais e os libros de texto das materias impartidas en galego e en castelán estarán redactadas na lingua en que se imparte a área.

As táboas, que se presentan a continuación, reflicten o reparto de horas das distintas linguas nesta etapa educativa.

1º PRIMARIA	ÁREAS	Nº HORAS
GALEGO	LGL (4), CS (2),CN (3), EF (2)	
Total horas impartidas en galego		11
CASTELÁN	LCL (4), MAT (5), RE/PC (1), MD (1)	
Total horas impartidas en castelán		11
INGLÉS	LE (2), ARTS & CRAFTS (1)	
Total horas impartidas en inglés		3

2º PRIMARIA	ÁREAS	Nº HORAS
GALEGO	LGL (4), CS (2),CN (2), EF (2), MD (1)	
Total horas impartidas en galego		11
CASTELÁN	LCL (4),MAT (5), RE/PC (1)	
Total horas impartidas en castelán		11
INGLÉS	LE (2), ARTS & CRAFTS (1)	
Total horas impartidas en inglés		3

3º PRIMARIA	ÁREAS	Nº HORAS
GALEGO	LGL (4), CS (2),CN (3), EF (2)	
Total horas impartidas en galego		11
CASTELÁN	LCL (4),MAT (4), RE/PC (1), MD (1)	
Total horas impartidas en castelán		10
INGLÉS	LE (3), ARTS & CRAFTS (1)	
Total horas impartidas en inglés		4

4º PRIMARIA	ÁREAS	Nº HORAS
--------------------	--------------	-----------------

GALEGO	LGL(4), CS (2),CN (2), EF (2)	
Total horas impartidas en galego		10
CASTELÁN	LCL (4),MAT (4), RE/PC (1), MD (1), EVCE (1)	
Total horas impartidas en castelán		11
INGLÉS	LE (3), ARTS & CRAFTS (1)	
Total horas impartidas en inglés		4

5º PRIMARIA	ÁREAS	Nº HORAS
GALEGO	LGL(4), CS (2),CN (3), EF (2)	
Total horas impartidas en galego		11
CASTELÁN	LCL (4),MAT (4), RE/PC (1), MD (1)	
Total horas impartidas en castelán		10
INGLÉS	LE (3), ARTS & CRAFTS (1)	
Total horas impartidas en inglés		4

6º PRIMARIA	ÁREAS	Nº HORAS
GALEGO	LGL(3), CS (3),CN (2), EF (2), EVCE (1)	
Total horas impartidas en galego		11
CASTELÁN	LCL (3),MAT (5), RE/PC (1), MD (1)	
Total horas impartidas en castelán		10
INGLÉS	LE (3), ARTS & CRAFTS (1)	
Total horas impartidas en inglés		4

5.- PROGRAMA ESPECÍFICO ALUMNOS N.E.A.E

Dentro do centro o documento “Plan de atención á diversidade”, recolle os procedementos de actuación no caso de alumnado con necesidades específicas de apoio educativo, pero, dun xeito especial, dende o documento do proxecto lingüístico, queremos prestar unha atención especial ao alumnado estranxeiro ou procedente doutras comunidades.

5.1.- Medidas de apoio e reforzo

As medidas de apoio e reforzo para o alumnado que non teña adquirida a competencia en galego serán realizadas dentro da aula no marco ordinario do desenvolvemento das actividades.

A posibilidade de recibir apoio específico será determinada polo departamento de orientación.

Procúrase a inmersión lingüística en todas aquelas actividades dirixidas a mellorar a competencia lingüística do alumnado en xeral, nas que se procura maior diversificación.

5.2.- Medidas para mellorar a competencia lingüística

As medidas adoptadas para mellorar a competencia lingüística de todo o alumnado fóra da aula farase a través das actividades promovidas pola Biblioteca, polo EDL, polo equipo de Actividades complementarias e co apoio das TICS, tendentes a diversificar, motivar e lograr unha maior inmersión lingüística nun entorno galego falante.

6.- AVALIACIÓN

Segundo o Decreto 79/2010, do 20 de maio, para o plurilingüismo, a avaliación do Proxecto Lingüístico do Centro debe ser aprobado e avaliado polo Consello Escolar (art. 14º). Previamente, realizaremos unha valoración deste na comisión de coordinación pedagóxica, e as propostas que xurdan trasladaranse á reunión do claustro de profesores para o seu debate. As conclusións que se tiren expoñeranse no consello escolar, quen, como xa indicamos, aprobará o Proxecto Lingüístico.

Este proxecto remitiráselle cada catro cursos escolares ao servicio de inspección educativa.

Anualmente, elaborárase unha addenda do proxecto lingüístico na cal conste:

- Os resultados en Educación Infantil, da pregunta aos pais, nais, titores/as ou representantes legais do alumnado para obter información respecto da lingua materna predominante entre o alumnado, e as actividades e estratexias de aprendizaxe para que o alumnado adquira de forma oral e escrita, o coñecemento das linguas oficiais.
- Información e valoración dos programas e actividades para o fomento e dinamización da lingua galega realizados polo centro educativo no curso anterior e información do que se vai desenvolver no seguinte curso.
- Sé é o caso de que haxa unha modificación na impartición de materias en lingua(s) estranxeira(s), informarase sobre os cambios aprobados polo centro e autorizados pola consellería competente en materia de educación.

7.- ANEXOS

7.1.- Entrevista inicial Ed. Infantil 3 anos.

DATOS PERSOAIS			
Apelidos		Nome	
Lugar		Data Nacemento	
Teléfonos			

DATOS DO PAI/TITOR			
Apelidos		Nome	
DNI		Data Nacemento	
Profesión		Teléfono	
Estudos		Fala galego	

DATOS DA NAI/TITORA			
Apelidos		Nome	
DNI		Data Nacemento	
Profesión		Teléfono	
Estudos		Fala galego	

DATOS FAMILIARES			
Familiares que conviven		Número de irmáns	
Lugar que ocupa		Data Nacemento	
Circunstancias especiais		Teléfono	
Lingua familiar		Lingua que utiliza o neno	

DATOS EVOLUTIVOS			
Circunstancias do embarazo/parto		Idade na que empezou a andar	
Dominancia		Autónomo/a no baño	
Problemas motores		Idade de inicio da fala	
Problemas lingüísticos		Deixou cueiros	
Enfermidades infantís			
Padece: asma, epilepsia, diabetes...			
Operacións			
Accidentes			
Hospitalizacións			
Visión			
Audición			
Vacinas			
Alerxias ambientais/alimentarias			
Sono (horario, sesta, pesadelos)			
Durme (so, acompañado)			
Cuarto individual/compartido			
Uso do chupete ata...			
Uso do biberón ata...			
Autónomo/precisa axuda para...			

Orde: colabora na casa	
Xogo: so/acompañado	
Xoguete/xogos preferidos	
Mascota/obxecto	

HISTORIAL ACADÉMICO	
Asistiu á gardería	
Outros centros	
Sentimentos do neno cara á escola	
Observacións:	

7.2.- ANEXO II: Enquisa familias.

	GALEGO	CASTELÁN	AMBAS
Lingua de relación en parella			
Lingua de relación cos seus proxenitores			
Lingua de relación cos amigos			
Lingua de relación cos seus fillos			
Lingua empregada na súa profesión			
Adoita ler			

7.3.- ANEXO III: Enquisa profesorado

	GALEGO	CASTELÁN	AMBAS
Lingua empregada cos compañeiros			
Lingua empregada en reunión cos país/nais			

Lingua empregada nas entrevistas persoais			
Lingua empregada na aula			
Lingua empregada co alumnado no tempo de lecer			

7.4.- ANEXO IV: Enquisa alumnado.

	GALEGO	CASTELÁN	AMBAS
Cos teus pais falas en			
Cos teus avós falas en			
Cos teus amigos falas en			
No recreo falas en			
Les en galego			
Dos últimos 5 libros cantos eran en galego			